

## INFORMACIÓN SOBRE AS ELECCIÓNS AO CE 2022 AO ALUMNADO

### LEXISLACIÓN:

- **Decreto 92/1988, do 28 de abril**, polo que se regulan os órganos de goberno dos centros públicos de ensino non universitario, **modificado polo Decreto 279/1990**, do 27 de abril,
- **Decretos 324/1996, do 26 de xullo, 374/1996, do 17 de outubro, e 7/1999**, do 7 de xaneiro, establecen as condicións de celebración das eleccións dos membros dos consellos escolares nos centros docentes.
- **RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022,(DOG do 30-09-2022)** da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se establece o calendario para a celebración de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos.

### INFORMACIÓN:

O **CONSELLO ESCOLAR** é un órgano colexiado de goberno e de participación dos diferentes membros da comunidade educativa (nais, pais, alumnado, profesorado, persoal administrativo e de servizos) do centro escolar. A súa misión é asumir a responsabilidade máxima colexiada do funcionamento do centro escolar, para o que precisa da participación de todas as persoas afectadas (nais e pais, alumnado, profesorado, pas). A súa constitución é obrigatoria en todos os centros públicos e tamén nos concertados.

### COMPETENCIAS DO CONSELLO ESCOLAR

Competencias do Consello Escolar Artigo 127 da LOE, modificado pola LOMCE e pola LOMLOE:

- ☑ Avaliar os proxectos e as normas aos que se refire o capítulo II do título V da presente Lei orgánica.
- ☑ Avaliar a programación xeral anual do centro, sen prexuízo das competencias do Claustro do profesorado, en relación coa planificación e organización docente.
- ☑ Coñecer as candidaturas á dirección e os proxectos de dirección presentados polos candidatos.
- ☑ Participar na selección do director/a do centro, nos termos ca presente Lei Orgánica establece. Ser informado do nomeamento e cese dos demais membros do equipo directivo. No seu caso, previo acordo dos seus membros, adoptado por maioría dos terzos, propoñer a revocación do nomeamento do/a director/a. Os alumnos de 1º e 2º de ESO non poderán participar nesta selección (art. 126.5 de la LOMCE)
- ☑ Informar sobre a admisión de alumnos e alumnas, con suxeición ao establecido nesta Lei Orgánica e disposicións ca desenvolvan.
- ☑ Coñecer a resolución de conflitos disciplinarios e velar por que se atean á normativa vixente. Cando as medidas disciplinarias adoptadas polo director/a correspondan a condutas do alumnado que prexudiquen gravemente a convivencia do centro, o Consello Escolar, a instancia de pais, nais ou titores legais, poderá revisar a decisión adoptada e propoñer, no seu caso, as medidas oportunas.
- ☑ Propoñer medidas e iniciativas que favorezan a convivencia no centro, a igualdade entre homes e mulleres, a igualdade de trato e a non discriminación polas causas a que se refire o artigo 84.3 da presente Lei Orgánica, a resolución pacífica de conflitos, e a prevención da violencia de xénero.

- ☐ Promover a conservación e renovación das instalacións e do equipo escolar e informar da obtención de recursos complementarios, de acordo co establecido no artigo 122.3.
- ☐ Informar as directrices para a colaboración, con fins educativos e culturais, coas Administracións locais, con outros centros, entidades e organismos.
- ☐ Analizar e valorar o funcionamento xeral do centro, a evolución do rendimento escolar e os resultados das avaliacións internas e externas nas que participe o centro.
- ☐ Elaborar propostas e informes, a iniciativa propia ou a petición da Administración competente, sobre o funcionamento do centro e a mellora da calidade da xestión, así como sobre aqueles outros aspectos relacionados coa calidade da mesma.
- ☐ Calquera outra que lle sexan atribuídas pola Administración educativa.

## Elección dos representantes do alumnado

**Artigo 43.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais :

1. "Todo o alumnado de educación secundaria matriculado no centro son electores e todos poderán ser elixidos membros do Consello Escolar, coas atribución que lles corresponden aos seus membros; non obstante, os alumnos e alumnas do primeiro ciclo de educación secundaria obrigatoria non poderán participar na elección nin no cesamento do director ou directora.

**Artigo 44.-** A mesa electoral estará integrada polo director do centro, que actuará como presidente, e dous alumnos designados por sorteo, actuando como secretario o alumno de menor idade. A Xunta electoral deberá prever o nomeamento de suplentes, designados tamén por sorteo.

**Artigo 45.-** (Redactado conforme ao establecido nas Disposicións adicionais "O voto será directo, secreto e non delegable. Cada elector fará constar na súa papeleta un, dous ou tres nomes da lista de candidatos segundo corresponda elixir menos de tres, tres ou mais de tres, respectivamente."

**Artigo 46.-** Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos que sexan propostos por cada unha das asociacións de alumnos existentes no centro ou avalados pola sinatura de dez electores. Elección dos representantes do Persoal de administración e servizos

**Artigo 47.-** O representante do persoal de administración e servizos será elixido, cando corresponda polo persoal que realiza no centro funcións desta natureza, sempre que estea vinculado a mesmo por relación xurídica, administrativa ou laboral, tendo todo o persoal que reúna os requisitos indicados a condición de elector ou elixible, debendo, en todo caso presentar a oportuna candidatura perante a xunta electoral. **Artigo 48.-** Para a elección do citado representante constituirase unha mesa electoral integrada polo director, que actuará como presidente, o secretario do centro e o membro do citado persoal de maior idade.

**Artigo 49.-** O voto será directo, secreto e non delegable, facendo constar na papeleta o nome da persoa á que se lle outorga a representación. Nos centros docentes nos que exista un só membro correspondente a este sector quedará automaticamente integrado no Consello Escolar

**Artigo 53.-** A falta de representantes dalgún dos sectores da comunidade escolar, por causas imputables a eles, non invalidará a constitución do Consello Escolar.

**Artigo 55.-** (Redactado segundo o establecido nas Disposicións adicionais do Decreto 324/1996, do 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria; DOG do 9 de agosto).

"1. Os membros electivos do Consello Escolar do centro renovaranse por metades de forma alternativa cada dous anos.

2. As baixas de conselleiros que se produzan antes da expiración do prazo para ocupa-la praza para a que foron elixidos por deixar de reuni-los requisitos necesarios para pertencer ó Consello Escolar ou por calquera outra circunstancia, producirán unha vacante que será cuberta polos candidatos seguintes de acordo co numero de votos obtidos. Para estes efectos utilizarase a lista da última renovación parcial independentemente de que a vacante que se vai cubrir corresponda a unha renovación parcial anterior. No caso de que non houberse candidatos para cubri-la vacante, quedaría sen cubrir ata a próxima renovación do Consello Escolar.

3. As vacantes que non fosen cubertas dotaranse mediante elección na seguinte renovación parcial. As vacantes que se produzan a partir do mes de setembro anterior a calquera renovación parcial cubrirase na dita renovación e non por substitución.

4. No caso de que nunha renovación parcial haxa vacantes que pertencen a renovación parcial anterior, os postos da renovación actual cubriranse cos candidatos mais votados e as vacantes, cos seguintes en numero de votos. Estas últimas renovaranse na seguinte elección parcial."

Os representantes do CE no noso centro so:

- Os membros do equipo Directivo (4)
- 6 representantes do profesorado
- 3 representantes do alumnado
- 1 de persoal non docente
- 3 representantes das familias (2 elixidas e 1 nomeada pola ANPA)
- 1 representante do Concello

No noso centro temos 3 representantes do alumnado no CE e hai dous alumnos elixidos nas anteriores eleccións, Hugo Suárez Blanco e Yaiza Lestón Cristobo; polo tanto, hai **1 praza vacante**.

## PROCEDIMENTO NO CENTRO :

- Sorteo público para a elección dos membros da xunta electoral **realizado o 2 de novembro** e envío da citación aos membros para a 1ª reunión e constitución (7 nov)
- Constitución da xunta electoral que rexerá o proceso **o 7 de novembro**.
- Envío da información aos membros da comunidade educativa do procedemento das eleccións aprobado pola xunta electoral **o 7 de novembro**.
- Presentación das diferentes candidaturas do **9 ao 17 de novembro** (Está na secretaría do centro o documento para presentar a candidatura)
- As votacións celebraranse o día **28 de novembro de 2022**.

## NORMAS SOBRE A VOTACIÓN:

- Conforme o establecido no artigo 41 do Decreto 374/1996, do 17 de outubro (DOG do 21), redactado segundo ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **1 alumno/a** dun total de **3** que debe ter o Consello Escolar.
- O censo electoral do alumnado está exposto no taboleiro de anuncios do Centro.
- As candidaturas correspondentes poderanse presentar a partir **dende o día da 9 de novembro ata as 14'00 horas do día 17 de novembro**.
- A mesa electoral estará formada pola Directora do Centro, que actuará como presidenta, e dous representantes do alumnado (elixidos por sorteo na 2ª reunión da xunta electoral, actuando como secretario o de menor idade).
- Cada alumno fará constar na papeleta das eleccións **un nome** da lista de candidatos.
- Teñen dereito a voto todo o alumnado da ESO. É elixible todo o alumnado que formule a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría e Oficina Administrativa do centro. As candidaturas poderán presentarse desde o 18 ata o 26 de novembro.
- As votacións realizaranse no centro o luns 28 de novembro entre as 11.10 e as 11:20 (no primeiro recreo). O voto será directo, secreto e non delegable. Non se admitirá o voto por correo
- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.